

Programa Municipais´19

Coas
Ideas
Claras

Agora

OROSO



Agora

Isabel Fernández Gallego

Agora outro Oroso é posible



Isabel Fernández Gallego

As persoas que conformamos a candidatura do BNG de Oroso temos as ideas claras. Temos o aval do traballo realizado durante estes anos defendendo as demandas e necesidades da veciñanza. Presentámonos a estas eleccións municipais coa vontade de construír un concello no que se faga máis e mellor. Sempre contando con todos vós.

Somos os gobernos que transforman os concellos de Galiza. Queremos ser o goberno municipal que transforme Oroso, traballando xuntos, con toda a veciñanza, man con man, sumando para un cambio que ofrezca mellor calidade de vida, con máis e mellores servizos públicos, máis emprego, máis tecido empresarial, con comunicacións axeitadas, con colexios mellor equipados e modernos, mellores instalacións deportivas e moita máis vida cultural e social. Temos un proxecto ilusionante e realista do que queremos sexas partícipe.



Agora un Oroso que escoita á veciñanza

- 1. Trataremos coa veciñanza as necesidades específicas de cada parroquia.**
- 2. Teremos reunións periódicas coas diferentes asociacións sociais, económicas, culturais e deportivas de Oroso.**
- 3. Comprometémonos a atender os veciños/as nas súas propostas e necesidades mediante a atención directa desde a alcaldía e compromiso de estudar a viabilidade das súas achegas.**
- 4. Queremos darlle voz á veciñanza para que teña participación nos plenos.**
- 5. Contaremos coa xente moza a toma de decisións a hora de organizar os festivais, Semana Cultural...**

Co cumprimento destes cinco puntos garantirase a elaboración duns orzamentos participativos.

Agora un Oroso socialmente comprometido

- 1. Impulsaremos unha ordenanza de axudas de emerxencia social, de maneira que se poida garantir a vivenda e a subministración de servizos básicos a todas as familias do municipio en risco de exclusión.**
- 2. Revisaremos o sistema municipal de impostos e taxas a fin de o facer máis progresivo (que pague máis quen máis ten).**
- 3. Implementaremos un Fondo Social Municipal de Vivenda integrado por pisos conveniados a través de rebaixas no imposto de bens inmóbeis con promotores ou bancos para fins de emerxencia social, aluguer social e emancipación de xente nova.**
- 4. Estableceremos un Plan Integral para darlle mellores servizos á terceira idade como xantar na casa, lavandaría, cuidadores para o servizo a domicilio...**
- 5. Promoveremos a construción dun centro de día público para os maiores.**
- 6. Levaremos a cabo a universalización do servizo de comedores escolares para alumnado de familias en exclusión.**

Agora un Oroso en feminino

1. Incorporaremos cláusulas sociais na contratación pública, coa finalidade de favorecer a selección de empresas que destaquen por desenvolver unha política en prol da igualdade e a integración social.
2. Ampliaremos os servizos que favorezan a conciliación e a corresponsabilidade da vida persoal, laboral e familiar.
3. Impulsaremos a creación dun Centro de Información á Muller que dea servizo de atención e asesoramento legal, formativo e de promoción de emprego como base para unha política de igualdade.
4. Faremos unha abordaxe integral da violencia de xénero apoiando ás asociacións que traballan coas mulleres que son ou foron vítimas de violencia machista.
5. Impulsaremos foros de mulleres (Consello das Mulleres, Consello das Mulleres Novas, Mesa de Loita Contra a Violencia, Mulleres do Rural...), así como o desenvolvemento do Plans de Igualdade.

Desta maneira, fomentaremos o incremento da implicación social das mulleres de Oroso, promovendo o asociacionismo e a súa participación activa na toma de decisións do noso Concello.

Agora un Oroso para traballar

1. Impulsaremos o polígono industrial mediante incentivos que reforcen o tecido empresarial e atraia novas empresas que invistan na creación de emprego de calidade no concello.
2. Traballaremos para conseguir a gratuidade da AP9, de maneira que as nosas empresas sexan máis competitivas, impulsando a actividade empresarial e comercial do noso concello.
3. Elaboraremos, en colaboración co comercio local, un Plan de Acción de desenvolvemento económico que conte con medidas para a dinamización e formación do noso comercio que permita lograr unha efectiva promoción da economía local.
4. Apoiaremos e promoveremos iniciativas no ámbito rural que permitan o comercio de proximidade coa celebración de mercados e feiras que impulsen a venda de produtos tradicionais.

Agora un Oroso coa educación

1. **Municipalizaremos a Escola de Educación Infantil A Ulloa e a Escola de Música facendo todo o posíbel por subrogar ao seu persoal.**
2. **Promoveremos a ampliación do patio cuberto do CEIP de Sigüeiro.**
3. **Estaremos vixiantes na conversión, xa lograda sobre o papel, da pista cuberta do CEIP do Camiño Inglés nun novo pavillón.**
4. **Reclamaremos a asunción do comedor do CEIP do Camiño Inglés por parte da Consellaría de Educación.**
5. **O BNG de Oroso loitará xunto coa comunidade educativa pola implantación do Bacharelato no IES de Oroso e promoveremos o cambio de nome dos centros educativos do concello con persoeiros relacionados coa cultura galega.**
6. **Constituiremos o Consello Escolar municipal para dar voz ás ANPAs de Oroso e coordinar aos distintos centros educativos do noso Concello.**
7. **Poremos en marcha medidas que promovan que as nosas fillas e fillos poidan quedar a estudar no Concello (Campañas de matriculación, sistema municipal de bolsas de estudo en todos os niveis educativos,...)**

Agora un Oroso do futuro

1. **Traballaremos para o desenvolvemento dixital de Oroso, a través da instalación dunha maior cobertura de internet a alta velocidade en todo o Concello, en especial nas zonas do rural.**
2. **Melloraremos as plataformas dixitais do Concello (páxina web, Oficina Virtual, aplicacións móbiles...) de maneira que a veciñanza poida ter unha maior información e interacción, facilitando as xestións coa administración local.**
3. **Impulsaremos a implantación de empresas cun alto valor tecnolóxico no polígono de Oroso.**
4. **Levaremos a cabo un Plan Integral de Formación Dixital, mediante talleres e obradoiros de alfabetización dixital, robótica, sistemas de programación... de maneira que permitan un maior achegamento ás novas tecnoloxías como fonte para incorporación ao mercado laboral e socialización dentro do noso concello.**
5. **Habilitaremos zonas WiFi gratuítas na contorna dos parques, centro médico, centro cultural, centro cívico, centro de maiores, locais sociais...**

Agora un Oroso do benestar e saudable

1. O BNG de Oroso loitará por dotar ao centro de saúde de Oroso de Urxencias 24 horas.
2. Solicitaremos a praza de xinecóloga e xeriatra, así como outra enfermeira pediátrica..
3. O BNG potenciará o deporte recreativo, como factor de lecer, para mellorar o estado físico e psíquico, organizando competicións de carácter popular, xornadas de deporte na rúa, andainas, xogos populares...
4. Impulsaremos todas as escolas deportivas do concello, apoiando o deporte base.
5. Acondicionaremos e racionalizaremos o uso das instalacións deportivas municipais para sacarlle un maior proveito. Daremos voz e apoio ás entidades deportivas do concello establecendo unha colaboración permanente coa área de deportes para a atención das súas demandas e tamén para a realización de actividades conxuntas.
6. Elaboraremos e promoveremos campañas de vida saudábel e de prevención de enfermidades mediante a creación dunha Escola Municipal de Saúde.

Agora un Oroso da mocidade

1. Crearemos unha Casa da Mocidade onde se leve a cabo unha programación de actividades dirixidas a promover un ocio saudable.
2. Promoveremos espazos para a creación artística e cultural para a mocidade, mediante a creación de locais de ensaio, espazos de socialización, obradoiros de arte urbana...
3. Apoiaremos ás entidades culturais e deportivas xuvenís do concello atendendo a diversificación de actividades e a súa participación na elaboración dos orzamentos do concello.
4. Crearemos un programa de actividades didácticas e de lecer para os máis cativos, especialmente nos períodos non lectivos.
5. Promoveremos un plan de prevención do xogo e de consumo de drogas e campañas periódicas de información sobre bulimia, anorexia, drogodependencias, sexualidade, anticoncepción, prevención das ETS...

Agora un Oroso sostible

1. O BNG de Oroso quere mirar cara ao patrimonio fluvial do concello. Por iso levará a cabo a rexeneración ambiental dos diferentes ríos do concello, para posteriormente lograr áreas de lecer nas súas beiras que inclúa unha zona de baño. Negociará un plan de colaboración con Santiago de Compostela para lograr unha utilización mixta da Illa do Refuxio.
2. Favoreceremos a agricultura ecolóxica protexendo os recursos fitoxenéticos do concello: as froiteiras, produtos agrícolas propios, facer un banco de sementes autóctonas...
3. Crearemos a Escola de Enxeñeiros do Sacho e a implantación de hortas urbanas, un espazo de convivencia interxeracional entre o rural e o urbano, promovendo talleres de horta, xardinería, compostaxe...
4. Levaremos un Programa de eficiencia medioambiental e enerxética en todas as instalacións do concello (locais, rede eléctrica...)
5. Levaremos a cabo unha nova política de abastecemento e xestión de residuos como se está xa a facer noutros concellos do BNG (Allariz, Tomiño...) de maneira que o aforro poida repercutir nunha menor presión en impostos como o do lixo ou sumidoiros.

Agora un Oroso máis dinámico

1. Impulsaremos un modelo turístico sostíbel, respectuoso coa veciñanza e xerador de recursos económicos e elaboración do mapa de recursos para visitantes do concello (monumentos, hostalaría...), con campañas de proxección no exterior.
2. Dotaremos servizos que axilicen os desprazamentos polo Concello e faciliten a estancia aos visitantes, de maneira que tamén poidan coñecer o noso patrimonio natural no rural.
3. Desestacionalizaremos a oferta de lecer, de maneira que calquera momento ao longo do ano os visitantes poidan sentirse atraídos cara a Oroso artellando un calendario de actividades que inclúa ademais das festas e concursos, feiras de artesanía ou produtos de tempada, festivais de teatro, poesía ou cine, club de lectura, competicións deportivas, club de ciencia...

Agora un Oroso coa cultura

A nosa cultura está constituída polo patrimonio material e inmaterial propio dun lugar así como polo conxunto de coñecementos, crenzas e costumes que caracterizan as sociedades humanas organizadas. **SE QUEREMOS GAÑAR O FUTURO, NON PODEMOS DEIXAR DE LADO A NOSA CULTURA.**

1. Elaboraremos um Plan Integral de recuperación e inventariado do noso patrimonio (castros, mamoadas, muíños, fontes, lavadoiros...) así como a elaboración dun roteiro cultural por estes.
2. Racionalizaremos o uso dos espazos culturais de maneira que se poida sacar o máximo partido ás distintas instalacións.
3. Promoveremos as festas populares para favorecer a socialización entre a veciñanza, modificar a dinámica actual para priorizar modelos máis ricos culturalmente, apostando pola produción local tanto a tradicional como a máis innovadora: xogos tradicionais, grupos locais de música, animación de rúa...
4. Daremos responsabilidades reais de normalización lingüística ao equipo de normalización lingüística do concello.
5. Dinamizaremos as bibliotecas públicas. A lectura non é só un entretemento senón que tamén é unha importante fonte de coñecemento. As bibliotecas deben ser lugares de encontro para toda a veciñanza, desde os máis novos ata os da terceira idade, e para iso cómpre organizar actividades participativas que atraian á poboación: clubs de lectura, escape rooms, xincanas, presentación de libros, lecturas dramatizadas, interpretación artística de textos... E as bibliotecas han de estar abertas ao público tamén nas parroquias facéndoas partícipes destas mesmas actividades.
6. Melloraremos a promoción do Camiño Inglés cara o Xacobeo 2021, de maneira que dispoñamos dunha ruta alternativa onde prime a acesibilidade e un turismo sostible. É preciso mellorar o acceso ao núcleo urbano dotando de beirarrúas ou carrís peonís ben diferenciados o tramo que transcorre polo parque empresarial. Tamén é necesario instalar fontes de auga potable ao longo do camiño.